



*Envío aos pais de alumnos desta circular
recordatoria do día das votacións do seu sector*

**ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE PAIS, PAIS
OU TITORES LEGAIS DO ALUMANDO AO CONSELLO ESCOLAR**

CIRCULAR INFORMATIVA

De acordo coa Convocatoria do día oito do mes en curso, o próximo **día 27**, xoves, en horario de **09:30 a 13:00 horas**, celebrase neste Centro a votación para a elección de representantes dos pais, nais ou titores legais do alumnado no Consello Escolar do Colexio. Para participar na referida votación, tal como se sinalaba na citada Convocatoria, procederase da seguinte forma:

1º.- Quen pode votar.

Teñen dereito a votar todos os pais, nais ou titores legais do alumnado matriculado no Centro que figure no Censo que ao efecto aprobou a Xunta Electoral e tras a súa exposición pública regulamentaria. Tal dereito corresponde indistintamente ao pai e á nai, podendo votar ambos os dous.

2º.- Modo de emitir o voto.

a) O voto será directo, secreto e non delegable.

b) Os modelos de papeletas e sobres da votación serán, obrigatoriamente, os previamente fixados pola Xunta Electoral do Centro, dos que haberá cantidade suficiente no local da votación.

c) Nas referidas papeletas figurarán os nomes dos candidatos, por orde alfabético de apelidos, e cada elector deberá marcar cunha cruz un máximo **1 nome** das candidata ou candidatos relacionados, debendo acreditar a súa personalidade, no momento de votar, mediante a exhibición do D.N.I. ou documento similar.

d) Finalizada a votación procederase ao acto do escrutinio dos votos, que será público e, unha vez realizado, levantarase a correspondente acta.

A dirección deste Colexio **anima a todos os pais, nais e titores legais do alumnado a que participen na votación** do próximo martes, como unha forma máis de colaboración na organización do Centro, a fin de conseguir a máxima representatividade posible de pais e nais no Consello Escolar.

Boborás, 26 de novembro de 2012

A DIRECTORA DO CENTRO,

Asdo.: María Sánchez Seco